



Trámite: certificación do acordo.

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 10.02.2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

D) APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DOS PREMIOS DO ENTROIDO 2020. Nº EXPEDIENTE: 2020/SUBCC/000003.

Examinado o expediente instruído para a aprobación da convocatoria e das bases reguladoras dos premios aos participantes nas distintas actividades do Entroido 2020, que poidan ser de interese para a cidadanía de Pontevedra,

RESULTANDO acreditados os seguintes FEITOS

1. Pola Concelleira Delegada de Patrimonio municipal e Festas, con data 22.01.2020, formúlase proposta para o establecemento duns premios aos participantes nos diferentes concursos que terán lugar durante o Entroido, como son o desfile, o concurso de murgas e a mostra da parodia, por un importe máximo de trinta mil euros (37.250,00 €).

2. Consonte coa iniciativa formulada, dispúxose a redacción das bases e da convocatoria reguladora dos citados premios, téndose emitido o correspondente informe pola Xefatura do Servizo de Cultura sobre as bases, sinalando asemade, a necesidade de prestar e de fomentar actividades culturais, festivas e de difusión das distintas tradicións co fin de preservar o patrimonio cultural do municipio e que a finalidade perseguida tería cumprimento cos presentes premios propostos.

3. Seguindo os trámites establecidos na normativa de aplicación, o expediente remitiuse á Intervención Xeral Municipal que, con data do 06.02.2020 tras expor os documentos que obran no mesmo, emite informe favorable sobre as bases e convocatoria.

Así mesmo, este servizo informa que segundo o establecido no art.11 da OXS é competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación das bases e resolución do procedemento e que de aprobarse o gasto poderá ser contabilizado na aplicación 2020-09.3383.48100 operación contable RC Nº 202000006234, por importe de 37.250,00 €.

CONSIDERANDO que son de aplicación os seguintes FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Os artigos 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, e 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que o Municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo competencias nos termos da Lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras materias, nas de actividades ou instalacións culturais e neste mesmo senso, os artigos 28 da Lei 7/85 e 86.1.a) e b) da Lei 5/97 determinan que os municipios poden realizar actividades complementarias das propias doutras Administracións públicas como é, en particular a cultura.



A concesión de premios por parte das Administracións Públicas deberán rexerse pola normativa de subvencións, de acordo co disposto na Disposición adicional décima da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), polo que só estarían excluídos do ámbito de aplicación da normativa de subvencións segundo o seu artigo 4.a os premios que se outorguen sen a previa solicitude por parte do beneficiario).

As bases redáctanse baixo a vixencia da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Pontevedra, aprobada no Pleno da Corporación Municipal, na sesión que tivo lugar o día 17 de setembro de 2004 e publicada, consonte ao disposto na lexislación de réxime local, no B.O.P. nº 190 do 30 de setembro de 2004, que no seu art. 38 esixe que o réxime dos premios deberá axustarse ao contido desta ordenanza, agás naqueles aspectos nos que pola especial natureza das subvencións non resulten aplicables.

A competencia para a adopción do presente acordo de aprobación das bases reguladoras e da convocatoria que nos ocupa, está transferida á Xunta de Goberno Local de conformidade co establecido nos artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización de Goberno Local, artigo 21.1.E)c.) do Regulamento Orgánico e da Administración do Concello de Pontevedra (B.O.P nº 248 de 28/12/05).

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a convocatoria pública da concesión de premios aos participantes nos distintos concursos que se organizan durante o Entroido, como son o desfile, o concurso de murgas e o da mostra da parodia.

SEGUNDO: Autorizar o gasto polo importe das subvencións citadas de conformidade co seguinte detalle:

Aplicación	Operación contable nº	Importe
2020-09.3383.48100	202000006234	37.250,00 €

TERCEIRO: Aprobar as bases reguladoras desta convocatoria de premios como anexo ao presente acordo, contidas no documento co CSV 0B20C2X1QZCJ6GGN.

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

